

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**NIVEL: 6° PRIMARIA**

Fabián Sanmarco Janeiro 6°

**CURSO 2022  
-2023**

## CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO:

### MATEMÁTICAS:

- Ler, escribir, comparar e ordenar utilizando razoamentos axeitados e distintos tipos de números (naturais e romanos).
- Dominar as equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.
- Descompoñer de forma aditiva e de forma aditivomultiplicativa, números menores de un millón, atendendo ó valor de posición das súas cifras.
- Escribir e ler números de máis de seis cifras.
- Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con números naturais, en comprobación de resultados, en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.
- Operar cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
- Elaborar e empregar estratexias de cálculo mental.
- Identificar os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datas.
- Interpretar en textos numéricos e da vida cotiá números naturais, utilizando razoamentos axeitados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en sí mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, así como ser capaces de aplica-los ás situacións da vida cotiá.
- Iniciarse na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando as ideas clave e aprendendo para situacións futuras semellantes.
- Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ó traballo matemático.
- Dominar o significado dos seguintes conceptos matemáticos: múltiplo, divisor, números primos e compostos.
- Construír series ascendentes e descendentes.
- Coñecer e aplicar os criterios de divisibilidade por 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9 e 10.
- Obter tódolos divisores de calquera número menor de 100.

- Obter os primeiros múltiplos dun número dado.
- Calcular o m.c.m. e o m.c.d. de dous números usando series.
- Estimar resultados.
- Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e diferentes procedementos en algoritmos escritos, cálculos mentais, tanteos, estimacións e no uso da calculadora.
- Coñecer, empregar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con números naturais tanto na resolución de actividades como na comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
- Entender o concepto de potencia como produto de factores iguais.
- Calcular o cadrado e o cubo de calquera número.
- Dominar o cálculo e as propiedades das potencias de base 10.
- Aplicar as propiedades das potencias na descomposición aditivo-multiplicativa de números naturais.
- Escribir a descomposición en factores primos dun número usando as potencias.
- Utilizar as potencias para calcular o m.c.d. e o m. c. m. de dous números.
- Concebir a raíz cadrada como operación inversa de elevar ó cuadrado.
- Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e diferentes procedementos en algoritmos escritos, cálculos mentais, tanteos, estimacións e no uso da calculadora.
- Coñecer, empregar e automatizar algoritmos estándar relativos ó cálculo de potencias e de raíces cadradas; tanto na resolución de actividades como na comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
- Entender o concepto de número enteiro.
- Distinguir os números positivos e os negativos.
- Interpretar números enteiros na vida cotiá utilizando razoamentos axeitados.
- Realizar operacións e cálculos numéricos con números enteiros mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.
- Elaborar e empregar estratexias de cálculo mental.
- Coñecer, empregar e automatizar algoritmos estándar relativos a cálculos nos que se

empreguen números enteiros; tanto na resolución de actividades, como na comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

- Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e diferentes procedementos en algoritmos escritos, cálculos mentais, tanteos, estimacións e no uso da calculadora.
- Entender o concepto de número decimal.
- Distinguir os números decimais positivos e negativos.
- Identificar os distintos elementos que compoñen un número decimal.
- Interpretar en textos números e da vida cotiá números decimais utilizando razoamentos axeitados.
- Ler, escribir, descompoñer, comparar e ordear números decimais, utilizando razoamentos axeitados.
- Realizar operacións e cálculos numéricos con números decimais mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.
- Redondear números decimais.
- Coñecer, empregar e automatizar algoritmos estándar relativos a cálculos nos que se empreguen números decimais; tanto na resolución de actividades, como na comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
- Entender o concepto de fracción e recoñecer os seus elementos.
- Distinguir diferentes usos das fracciónes.
- Interpretar en textos números e da vida cotiá fraccións utilizando razoamentos axeitados.
- Entende-la relación entre fracción e número decimal e pasar de fracción a decimal e viceversa.
- Aplicar a relación existente entre as fraccións e os decimais para ordear fraccións.
- Identificar dúas fraccións equivalentes.
- Obter fraccións equivalentes empregando os métodos de amplificación e redución.
- Reducir dúas ou máis fraccións a común denominador.
- Recoñecer fraccións propias e impropias.

- Asimilar o concepto de número mixto.
- Realizar operacións e cálculos numéricos con fraccións mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.
- Elaborar e empregar estratexias de cálculo mental.
- Estimar resultados.
- Reducir a común denominador dúas ou máis fraccións.
- Sumar e restar fraccións e unidades e fraccións.
- Multiplicar e dividir fraccións.
- Calcular o produto dunha fracción por un número.
- Simplificar fraccións.
- Aplicar correctamente a xerarquía das operacións no ámbito das fraccións.
- Interpretar en textos numéricos e da vida cotiá fraccións empregando razoamentos axeitados.
- Realizar operacións e cálculos numéricos con fraccións mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.
- Coñecer, empregar e automatizar algoritmos estándar relativos a cálculos nos que se empreguen fraccións; tanto na resolución de actividades, como na comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.
- Identificar magnitudes directamente proporcionais.
- Iniciarse no uso da proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.
- Usar a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triple e metade.
- Iniciarse no uso das porcentaxes para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.
- Resolver problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regras de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
- Calcular e utilizar as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.

- Relacionar os números enteiros, decimais, fraccionarios coas proporcións e as porcentaxes sinxelas.
- Establecer a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.
- Calcular aumentos e diminucións porcentuais.
- Calcular tantos por cen en situacións reais.
- Escolle-los instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso.
- Elixir a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
- Estimar a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume facendo previsións razoables.
- Medir con distintos instrumentos, convencionais e non convencionais.
- Utilizar as unidades de medida máis habituais, convertindo unhas unidades noutras da mesma magnitude.
- Aplicar o procedemento de medición e a expresión da medida tanto a obxectos e espazos coñecidos como á resolución de problemas.
- Explicar oralmente e por escrito o proceso de medición e a expresión da medida utilizada.
- Expresar en forma simple ou incompleta a medición da lonxitude, capacidade, masa, superficie ou volume dada en forma complexa, e viceversa.
- Comparar e ordenar medidas dunha mesma magnitude.
- Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.
- Sumar e restar medidas en forma complexa e incompleta.
- Expresar o resultado dunha suma ou resta de medidas na unidade determinada de antemán.
- Comparar superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.
- Coñecer e utilizar as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.
- Definir qué é un ángulo e recoñecer os seus elementos.
- Designar ángulos de dúas formas diferentes.
- Recoñecer e apreciar a presenza dos ángulos na vida cotiá.
- Identificar os diferentes usos dos ángulos.
- Dominar o uso das diferentes medidas de ángulos do sistema sexagesimal.
- Medir un ángulo usando un transportador.
- Debuxar ángulos dunha determinada amplitude coa axuda dun transportador.

- Clasificar ángulos segundo a súa amplitude.
- Identificar ángulos segundo a súa posición.
- Representar ángulos que estean en diferentes posicións.
- Sumar ángulos xeometricamente e aritmeticamente.
- Restar ángulos xeometricamente e aritmeticamente.
- Identificar e representar ángulos complementarios e suplementarios.
- Multiplicar un número por un ángulo.
- Dividir un ángulo entre un número.
- Resolver problemas realizando cálculos con medidas angulares.
- Utiliza-las nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
- Manexar correctamente o sistema de coordenadas cartesianas.
- Describir posicións e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros...
- Describir posicións no espazo.
- Identificar en situacións moi sinxelas as simetrías axial e especular.
- Representar e realizar escalas e gráficas sinxelas no plano e no espazo para facer representacións elementais.
- Identificar as diferentes formas planas e espaciais.
- Coñecer as figuras planas e os seus elementos así como saber clasificalos.
- Recoñecer e clasificar os triángulos, os cadrados, os rectángulos, os romboides, os trapecios e os rombos.
- Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.
- Clasificar triángulos segundo os seus lados e os seus ángulos.
- Identificar as relacións entre os lados e os ángulos dun triángulo.
- Clasificar cuadriláteros en función do paralelismo dos seus lados.
- Clasificar paralelepípedos.
- Comprende-lo método para calcular a área dun triángulo, un paralelogramo, un trapecio ou un rombo.
- Calcular a área de figuras planas.
- Calcular a área e o perímetro dun triángulo, un cuadrado ou un rectángulo.

- Recoñecer a concavidade e a convexidade de figuras planas.
- Identificar e diferenciar circunferencias e círculos, así como os seus elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.
- Calcular o perímetro e a área dunha circunferencia e dun círculo.
- Recoñecer e representar as diferentes posicións relativas de rectas e circunferencias.
- Aplicar os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.
- Identificar situacións de carácter aleatorio.
- Observar e constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que se producen con case toda seguridade ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición.
- Facer conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías...).
- Realizar, ler e interpretar representacións gráficas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais con datos relativos ó entorno inmediato.
- Realizar análises críticas e argumentadas sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.
- Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar dito resultado.
- Aplicar de forma intuitiva ás situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.
- Resolver problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e a probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construindo, argumentando, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.
- Reflexionar sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolve-lo e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos apropiados.
- Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído



o cálculo mental, facendo unha referencia implícita ás propiedades da operación na resolución de problemas.

- Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.

## LINGUA GALEGA:

- Aproximar o uso do dicionario como elemento imprescindible de consulta.
- Diferenciar pola súa intencionalidade entre texto literario e non literario.
- Identificar a sílaba, se é tónica ou átona e a súa correspondente clasificación en grave, aguda e esdrúxula.
- Coñecer os elementos que interveñen no proceso comunicativo ampliando nocións adquiridas no curso pasado.
- Describir as características que definen as persoas.
  - Ser capaces de facer unha biografía.
- Promover o enriquecemento do léxico, por parte do alumno, coa incorporación de vocabulario novo e aumentar a súa riqueza expresiva mediante o traballo con sinónimos e antónimos.
- Clasificar os textos segundo o xénero literario ao que pertencen: poesía, teatro ou narrativa.
- Identificar un substantivo e saber que características ten, se é concreto, abstracto, común, propio, individual, colectivo... alén de analizar a súa flexión de xénero e número.
- Coñecer as regras básicas de acentuación para clasificar as palabras.
- Incentivar a aproximación á poesía a través do recitado, procurando que o alumnado lle perda o medo, por mor do seu descoñecemento.
- Distinguir as palabras polisémicas.
- Establecer as primeiras nocións de métrica e do concepto de sinalefa.
- Coñecer as distintas clases de determinantes.
- Aplicar as regras de acentuación nos ditongos e nos hiatos.
- Fomentar a descrición investigando un crime.
- Comprender como se fan as enquisas.

- Adquirir a capacidade de identificar as palabras homónimas.
- Profundar na métrica e saber que clase de rima teñen os versos.
- Coñecer os adxectivos e o seu grao.
- Aplicar axeitadamente as regras de acentuación nas palabras con acento diacrítico.
- Saber interpretar as normas dun xogo e atreverse a xogar.
- Redactar, con adecuación e coherencia, un correo electrónico.
- Ser capaces de identificar as palabras primitivas e derivadas.
- Saber que tipos de poemas hai, así como as principais figuras literarias.
- Coñecer os pronomes persoais tónicos e átonos.
- Coñecer cales son os signos de puntuación e o seu uso.
- Recomendar unha película, un libro ou unha obra teatral.
- Entrevistar alguén e transcribir a entrevista.
- Identificar e distinguir as palabras simples e as compostas.
- Coñecer a utilidade dos comentarios de texto.
- Coñecer cales son os adverbios e as preposicións.
- Manexar o repertorio de contraccións e empregalas axeitadamente.
- Aprender a contar unha experiencia persoal, respectando as propiedades textuais.
- Dominar as ferramentas básicas para crear un poema.
- Identificar as familias de palabras, recoñecendo os seus trazos básicos.
- Aprender as características propias da narración e as diferenzas entre conto e relato curto.
- Recoñecer os morfemas flexivos, de número e persoa, dos verbos.
- Coñecer cales son as palabras que levan b e levan v.
- Locutar un anuncio de radio.
- Facer publicidade dun oficio.
- Ser capaces de identificar sufixos e prefixos.
- Saber que son os elementos da narración e a novela.
- Saber cal é o modo e o tempo dos verbos.
- Coñecer cales son as palabras que levan *h*, *c*, *z* e *qu*.
- Saber expresar desexos.

- Narrar experiencias en primeira e en terceira persoa.
- Ser capaces de identificar as palabras que forman parte dun campo semántico.
- Saber que son as partes da narración, a fabula, a lenda e o mito.
- Saber cales son os tempos verbais e os verbos regulares e irregulares.
- Coñecer cales son as palabras que levan s e x.
- Contar unha lenda.
- Facer unha recensión dun libro.
- Saber como se forma o substantivo.
- Saber que son os recursos literarios. Saber que é unha hipébole e que é unha personificación.
- Saber que é texto, enunciado, frase e oración.
- Coñecer cales son as palabras que levan g, gu e gü.
- Recomendar e suxerir.
- Facer caligramas.
- Saber como se forma o adxectivo.
- Coñecer que é o teatro, as anotacións e a escena.
- Saber que é a oración e as partes da oración.
- Coñecer cales son as palabras que levan i e ll.
- Locutar un anuncio de radio.
- Facer un acróstico.
- Saber como se forma o verbo.
- Profundar no teatro e coñecer a Comedia, o drama e a traxedia.
- Saber como se fai a análise sintáctica.
- Coñecer cales son as palabras que levan za, zo, cio e cia.
- Representar.
- Escribir unha carta ao director.

## **LINGUA CASTELÁ**

- Ler e entender textos escritos de diferentes tipos.
- Saber utilizar un dicionario.
- Recoñecer os diferentes tipos de dicionarios.
- Recoñecer os textos literarios.

- Recoñecer os diferentes tipos de xéneros literarios.
- Identificar os elementos do acto comunicativo.
- Identificar os diferentes tipos de texto segundo a súa intención comunicativa.
- Coñecer e aplicar os usos dos signos de puntuación de peche.
- Localizar e corrixir erros no uso dos signos de puntuación mencionados.
- Recoñecer textos instrutivos.
- Redactar textos instrutivos.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.
- Recoñecer sinónimos e antónimos.
- Empregar sinónimos e antónimos en textos propios.
- Coñecer que é un recurso literario.
- Recoñecer a tipoloxía dos recursos literarios.
- Identificar a aliteración e a anáfora.
- Coñecer e valorar a realidade plurilingüe de España.
- Recoñecer e valorar a presenza do español no mundo.
- Recoñecer a importancia dos signos de puntuación.
- Coñecer os usos do punto e coma, dos dous puntos e os puntos suspensivos.
- Localizar e corrixir erros no uso dos signos de puntuación mencionados.
- Recoñecer textos instrutivos.
- Redactar textos instrutivos.
- Recoñecer palabras polisémicas e palabras homónimas.
- Empregar palabras polisémicas e palabras homónimas en textos propios.
- Coñecer que é un recurso literario.
- Recoñecer a tipoloxía dos recursos literarios.
- Identificar o epíteto e a antítese.
- Identificar substantivos e clasificalos.
- Comprender o concepto de xénero e número do substantivo.
- Coñecer as regras de formación do feminino e do plural dos substantivos.
- Recoñecer a importancia dos signos de puntuación.
- Coñecer os usos das parénteses y das comiñas.
- Localizar e corrixir erros no uso dos signos de puntuación mencionados.
- Recoñecer textos persuasivos.
- Redactar textos persuasivos.
- Coñecer as características dos anuncios.

- Recoñecer o significado literal e o significado figurado dunha palabra.
- Empregar palabras con significado literal e con significado figurado en textos propios.
- Identificar os elementos da narración.
- Identificar a estrutura da narración.
- Identificar e analizar determinantes artigos, demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, interrogativos e exclamativos.
- Identificar e analizar pronomes persoais, demostrativos e posesivos.
- Coñecer e aplicar as normas xerais de acentuación.
- Recoñecer textos informativos.
- Redactar textos informativos.
- Coñecer as características das noticias, os informes e os folletos.
- Recoñecer o concepto de campo semántico.
- Recoñecer o concepto de familia de palabras.
- Aplicar os conceptos de campo semántico e de familia de palabras.
- Recoñecer as características dos mitos.
- Recoñecer as características das lendas.
- Recoñecer as características das fábulas.
- Redactar mitos, lendas e fábulas.
- Identificar e analizar os adxectivos.
- Identificar e analizar o xénero e o número dos adxectivos.
- Identificar e analizar os diferentes graos dos adxectivos.
- Coñecer e aplicar as normas de acentuación de ditongos e hiatos.
- Recoñecer textos literarios.
- Redactar textos literarios.
- Recoñecer o concepto de palabra tabú.
- Recoñecer o concepto de eufemismo.
- Aplicar os conceptos de palabra tabú e eufemismo.
- Recoñecer as características dos contos.
- Recoñecer as características das novelas.
- Aprender a redactar contos e novelas.
- Identificar e definir os verbos.
- Identificar e analizar as formas persoais do verbo.
- Identificar e analizar as desinencias do verbo: número, persoa, tempo e modo.
- Identificar e analizar as formas non persoais do verbo.

- Coñecer e aplicar as normas de acentuación dos monosílabos.
- Recoñecer textos narrativos.
- Recoñecer e redactar diarios, biografías e memorias.
- Recoñecer os conceptos de lexema e morfema.
- Recoñecer os conceptos de morfema flexivo e morfema derivativo.
- Recoñecer os conceptos de prefixo e sufixo.
- Aplicar os conceptos de morfema flexivo e morfema derivativo.
- Aplicar os conceptos de prefixo e sufixo.
- Recoñecer as características da lírica.
- Recoñecer e aplicar o cómputo métrico nun poema.
- Recoñecer os diferentes tipos de rima nun poema.
- Identificar e conxugar formas verbais de todos os tempos e modos.
- Identificar e conxugar formas verbais irregulares de todos os tempos e modos.
- Analizar formas verbais.
- Analizar formas verbais irregulares.
- Coñecer e aplicar as normas de acentuación das palabras interrogativas e exclamativas.
- Recoñecer textos descritivos.
- Recoñecer e redactar textos descritivos subxectivos.
- Recoñecer o concepto de formación de palabras.
- Recoñecer os conceptos de composición e derivación.
- Aplicar os conceptos de composición e derivación.
- Recoñecer e aplicar os conceptos de arte maior e arte menor na lírica.
- Recoñecer e aplicar o concepto de verso solto.
- Recoñecer o concepto de estrofa.
- Identificar e analizar os diferentes tipos de estrofas.
- Identificar e analizar os adverbios.
- Identificar e analizar as diferentes clases de adverbios.
- Identificar e analizar as diferentes clases de locucións adverbiais.
- Colecer e aplicar as normas de acentuación de ditongos e hiatos.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas do *g*.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas do *j*.
- Recoñecer textos argumentativos.
- Identificar os diferentes tipos de textos argumentativos.
- Recoñecer a estrutura dos textos argumentativos escritos.

- Elaborar textos argumentativos escritos.
- Recoñecer o concepto de formación de palabras.
- Recoñecer os conceptos de sigla e abreviatura.
- Aplicar os conceptos de sigla e abreviatura.
- Recoñecer o concepto de lírica popular.
- Recoñecer o concepto de lírica culta.
- Identificar os diferentes textos da lírica popular.
- Identificar os diferentes textos da lírica culta.
- Recoñecer o concepto de palabra invariable.
- Identificar e analizar as diferentes clases de preposicións.
- Identificar e analizar as diferentes clases de conxuncións.
- Identificar e analizar as diferentes clases de interxeccións.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas do *v*.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas do *b*.
- Recoñecer textos expositivos.
- Identificar os diferentes tipos de textos expositivos.
- Recoñecer a estrutura dos textos expositivos.
- Elaborar textos expositivos escritos e orais.
- Recoñecer os conceptos de neoloxismo e arcaísmo.
- Aplicar os conceptos de neoloxismo e arcaísmo.
- Recoñecer as características do xénero teatral.
- Recoñecer o concepto de texto dramático.
- Identificar os diferentes tipos de texto dramático.
- Recoñecer o concepto de representación teatral.
- Identificar as diferentes partes dunha representación teatral.
- Recoñecer as diferentes clases de oracións segundo a súa intención comunicativa.
- Identificar e analizar as diferentes clases de oracións segundo a súa intención comunicativa.
- Elaborar diferentes clases de oracións segundo a súa intención comunicativa.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas do *h*.
- Recoñecer textos dialogados.
- Identificar os diferentes tipos de textos dialogados.
- Elaborar textos dialogados escritos e orais.
- Recoñecer o concepto de préstamo.
- Identificar os distintos tipos de préstamos segundo a súa lingua de orixe.

- Aplicar o concepto de préstamo.
- Recoñecer os diferentes tipos de estrutura dunha obra teatral.
- Identificar os diferentes tipos de estrutura dunha obra teatral.
- Recoñecer o concepto de predicado.
- Recoñecer os diferentes tipos de predicados.
- Identificar e analizar os diferentes tipos de predicados.
- Elaborar diferentes tipos de predicados.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas do s e do x.
- Recoñecer os conceptos de coherencia e cohesión.
- Identificar se un texto ten as propiedades de coherencia e cohesión.
- Elaborar textos que sigan as propiedades de coherencia e cohesión.
- Recoñecer os conceptos de coloquialismo e vulgarismo.
- Identificar os distintos tipos de coloquialismos e vulgarismos.
- Saber corrixir os distintos tipos de coloquialismos e vulgarismos.
- Identificar os dous grandes xéneros teatrais: a traxedia e a comedia.
- Recoñecer as características da traxedia e da comedia.
- Recoñecer o concepto de conector.
- Recoñecer os diferentes tipos de conectores.
- Elaborar textos con diferentes tipos de conectores.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas do // e do y.
- Recoñecer os conceptos de subliñado, esquema e resumo.
- Coñecer as características propias do subliñado, esquema e resumo.
- Identificar os diferentes tipos de esquema.
- Elaborar textos segundo as normas do esquema e do resumo.

## **CIENCIAS SOCIAIS:**

- Comprender a relación entre a cartografía e a realidade.
- Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.
- Coñecer os principais tipos de mapas (físicos, políticos e temáticos) e as partes que os compoñen.
- Aprender a localizar nun mapa países, cidades ou accidentes xeográficos.
- Saber como empregar un mapa para orientarse e trazar itinerarios.



- Coñecer o proceso de elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.
- Diferenciar entre clima e tempo atmosférico.
- Recoñecer os principais elementos do clima (temperatura e precipitacións).
- Explicar os factores que modifican cada un dos elementos do clima.
- Definir a paisaxe e identificar os elementos que a compoñen.
- Diferenciar as distintas paisaxes do planeta Terra en relación coas características do clima.
- Determinar as características e a diversidade xeográfica das paisaxes de Europa e España: relevo, clima e hidrografía.
- Localizar nun mapa as principais unidades de relevo, as vertentes hidrográficas e o clima de Europa e mais España.
- Valorar a influencia do clima na nosa vida.
- Coñecer a influencia do comportamento humano no medio natural.
- Identificar o emprego sostible dos recursos naturais.
- Propoñer unha serie de medidas precisas para o desenvolvemento sostible da humanidade.
- Comprender as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.
- Explicar que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos.
- Localizar nun mapa os países membros e as súas capitais.
- Determinar as vantaxes e desvantaxes de formar parte da Unión Europea.
- Identificar e diferenciar as formas de organización política e territorial de España.
- Identificar as formas de organización política e territorial de Galicia.
- Valorar a diversidade institucional, cultural e lingüística do Estado e da Autonomía.
- Definir a poboación dun territorio e identificar os factores que inciden nela.
- Comprender e interpretar os principais conceptos demográficos e calculalos a partir dos datos de poboación.
- Interpretar unha pirámide de poboación e outros gráficos usados para os estudos demográficos.

- Explicar o proceso de evolución da poboación en España e Europa.
- Describir as principais características da poboación española e europea e os factores que condicionan a súa distribución.
- Describir os movementos migratorios da poboación galega e a española, explicando o éxodo rural, a emigración transoceánica, a emigración a Europa e a chegada de inmigrantes ao noso país.
- Identificar os problemas actuais da poboación: envellecemento, inmigración, superpoboación etc.
- Identificar e caracterizar os sectores económicos.
- Recoñecer as principais actividades económicas de España e Europa.
- Familiarizarse con conceptos económicos.
- Entender e describir o funcionamento da publicidade e das súas técnicas, distinguindo a publicidade educativa da consumista.
- Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos responsables.
- Entender a importancia e o funcionamento das empresas e do traballo na economía.
- Comprender os beneficios de espírito emprendedor.
- Definir que é a Historia.
- Comprender e empregar de maneira elemental as técnicas e métodos de traballo do historiador.
- Coñecer os diferentes conceptos cronolóxicos empregados para medir o tempo. Traballar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade, para ordenar e localizar temporalmente algúns feitos históricos.
- Valorar a utilidade do tempo histórico.
- Definir a fonte histórica e identificar os seus diferentes tipos.
- Coñecer os grandes períodos da Historia, os diferentes criterios para establecelos e os feitos máis significativos dentro dos mesmos.
- Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas de vida no pasado, valorando a importancia do patrimonio histórico e a necesidade da súa correcta conservación.
- Analizar as transformacións económicas, políticas, sociais e culturais dos séculos XIX e XX, nun contexto mundial.

- Adquirir unha perspectiva global da Idade Contemporánea.
- Localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia contemporánea española e galega.
- Identificar e describir os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España e de Galicia, así como os seus representantes máis significativos.
- Analizar as características económicas e sociais actuais, valorando os cambios e procesos que as converteron no que hoxe son.
- Describir que é o patrimonio.
- Identificar os elementos máis destacados do patrimonio cultural, histórico, artístico e natural do contorno.
- Desenvolver unha sensibilidade cara ao patrimonio. Promover a conservación, valoración e difusión do mesmo, asegurándose a súa transmisión a xeracións futuras.
- Coñecer os factores que levan á identificación dun elemento como ben patrimonial, así como a súa xeración histórica.
- Comprender os principios de tutela dos ben culturais.
- Valorar o legado cultural das diferentes civilizacións.
- Coñecer a relación entre turismo e patrimonio.
- Iniciarse na metodoloxía e preparación dunha visita guiada e tamén na interpretación do patrimonio.

## **CIENCIAS DA NATUREZA:**

- Coñecer a organización e estrutura das plantas.
- Diferenciar a célula vexetal como unidade anatómica e funcional das plantas.
- Recoñecer os tipos de tecidos, os órganos e os sistemas das plantas.
- Saber as funcións de cada órgano.
- Comprender o proceso de reprodución nas plantas.
- Coñecer o proceso da fotosíntese e a súa importancia.
- Estudar as etapas do método científico.
- Aprender a organización dos animais como exemplo de ser vivo.
- Coñecer as principais características da célula e dos tecidos animais.
- Estudar algúns tipos de órganos e sistemas dos animais e relacionalos coa función vital na que están implicados.

- Repasar algunhas características dos animais vertebrados e invertebrados.
- Coñecer o concepto de biosfera.
- Darse conta da importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
- Estudar as características dalgúns dos ecosistemas máis frecuentes.
- Usar unha lupa (tipo contañíos ou similar) para a observación da natureza.
- Fomentar hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos e aos ecosistemas
- Realizar o estudo dun ecosistema: a poza.
- Fomentar o interese pola observación de todos os seres vivos, empregando diferentes fontes de información.
- Diferenciar "saúde" de "enfermidade".
- Coñecer os diferentes tipos de enfermidades, as súas causas e tratamentos.
- Recoñecer o alcol e as drogas como elementos nocivos para a saúde.
- Practicar os principais hábitos saudables que preveñen enfermidades.
- Aprender as actuacións básicas en primeiros auxilios.
- Coñecer o significado da nutrición, tanto a nivel orgánico como a nivel celular.
- Saber o significado do proceso de dixestión, os órganos implicados, o seu funcionamento e a súa localización.
- Coñecer o significado do proceso de respiración, os órganos implicados, o seu funcionamento e a súa localización.
- Esquematizar e estudar o proceso de circulación, os órganos implicados, o seu funcionamento e a súa localización.
- Analizar o proceso de excreción, os órganos implicados, o seu funcionamento e a súa localización.
- Saber en que consisten as funcións de relación e reprodución.
- Coñecer os aparatos implicados na función de relación e os seus órganos (localización e funcionamento).
- Estudar os aparatos implicados na función de reprodución e (localización e funcionamento).
- Identificar a neurona e os gametos como células con funcións específicas na misión de relación e reprodución.
- Coñecer as propiedades da materia e a súa estrutura interna.
- Diferenciar cambios físicos e químicos e coñecer exemplos de ambos reflexionando sobre a súa reverseibilidade.
- Comprender os cambios de estado.

- Identificar mesturas e coñecer métodos de separación.
- Aproximarnos ao concepto de forza e os cambios que producen sobre os corpos
- Coñecer o concepto e tipos de enerxía.
- Coñecer as características e propiedades da luz e o son, como dous exemplos de enerxía.
- Comprender a natureza e os efectos da electricidade estática e da corrente eléctrica.
- Construír un circuíto eléctrico e un compás.
- Identificar os efectos e usos do magnetismo.
- Comprender a relación entre a electricidade e o magnetismo.
- Citar algúns usos do electromagnetismo.
- Identificar e clasificar diferentes máquinas.
- Describir as características de algunhas máquinas.
- Diferenciar máquinas simples de máquinas compostas.
- Construír unha estrutura sinxela que resolve un problema.

## **EDUCACIÓN PLÁSTICA:**

- Recoñecer os principais elementos plásticos que forman parte dunha obra plástica: o punto, a liña, o plano, a cor e a textura.
- Coñecer as características de cada un destes elementos.
- Saber diferenciar a silueta, o contorno e o dintorno dunha forma.
- Coñecer as características básicas do cubismo, fauvismo, puntillismo e modernismo e saber nomear algúns dos seus máximos representantes.
- Aprender que elementos forman a comunicación visual e cales son as funcións dos devanditos elementos.
- Coñecer as finalidades das imaxes.
- Aprender que é a publicidade e que é a publicidade enganosa.
- Saber que é un cómic e de que elementos está composto.
- Explorar os pasos para crear un filme de animación.
- Analizar como funcionan as cámaras fotográficas e cal foi a súa evolución.
- Coñecer que son o dereito á propia imaxe e a propiedade intelectual.
- Recoñecer que é arte urbana e descubrir algúns artistas e proxectos.
- Distinguir e empregar recursos gráficos para expresar diferentes emocións e ideas.

- Descubrir como a cor é unha fonte transmisora de sensacións diferentes e de información.
- Observar e identificar os principais fundamentos da composición.
- Analizar as simetrías, o equilibrio e o ritmo nas obras plásticas.
- Aprender a representar obxectos da realidade, dando sensación de volume e profundidade.
- Apreciar a influencia da luz para ver como incide nos obxectos.
- Comprender o concepto de espazo e de imaxe tridimensional.
- Explorar e utilizar distintos materiais e ferramentas para a execución das súas esculturas.
- Traballar coa técnica do modelado.
- Coñecer e valorar a artesanía popular do noso país.
- Coñecer e valorar o patrimonio cultural da nosa contorna, así como o doutras culturas.
- Respeitar o traballo doutros e colaborar en proxectos grupais.
- Coñecer os instrumentos para o debuxo xeométrico.
- Utilizar correctamente os instrumentos de debuxo técnico na realización de trazados xeométricos.
- Distinguir unha obra de arte figurativa de outra abstracta.
- Traballar con liñas rectas, operacións con segmentos e trazados de rectas paralelas e perpendiculares.
- Distinguir tipos de ángulos e trazar ángulos coa regra, compás, escuadra e cartabón.
- Diferenciar formas poligonais identificándoas en formas naturais e artificiais.
- Aprender a división da circunferencia para deseñar estruturas xeométricas, como polígonos estrelados e recoñecer a importancia que ten a presenza destas formas xeométricas nos distintos campos do deseño.
- Coñecer as distintas escalas para poder interpretar un plano, mapa ou unha maqueta.
- Observar e descubrir na natureza fractais e redes modulares.

### **VALORES CÍVICOS E SOCIAIS:**

- Identificar os trazos da personalidade.

- Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade.
- Actuar de forma respectable e digna.
- Coñecer os trazos característicos da nosa personalidade, poñéndoos de manifesto asertivamente.
- Entender e describir o valor da resiliencia.
- Utilizar estratexias de reestruturación cognitiva.
- Expresar os sentimentos propios respectando os dos demais.
- Xerar o sentido de compromiso respecto a un mesmo e aos demais.
- Traballar en equipo valorando o esforzo individual e colectivo.
- Traballar unha boa autoestima e a confianza nas súas propias posibilidades.
- Saber facer fronte ás incertezas, ao medo e ao fracaso.
- Empregar o pensamento consecuencial para tomar decisións.
- Identificar as vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.
- Identificar problemas e implantar solucións efectivas.
- Razoar sobre a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.
- Utilizar as estratexias da linguaxe oral: escoitar, preguntar e argumentar.
- Empregar habilidades de escoita activa.
- Coñecer os elementos da comunicación.
- Iniciar, manter e finalizar conversas, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación e os que permiten lograla.
- Empregar a aserción.
- Dialogar creando pensamento compartidos na procura do mellor argumento.
- Coñecer e utilizar as estratexias da escoita activa.
- Fomentar actitudes de altruísmo.
- Utilizar as estratexias da linguaxe oral: escoitar, preguntar e argumentar.
- Empregar habilidades de escoita activa.
- Coñecer os elementos da comunicación.
- Iniciar, manter e finalizar conversas, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación e os que permiten lograla.
- Empregar a aserción.
- Dialogar creando pensamento compartidos na procura do mellor argumento.
- Coñecer e utilizar as estratexias da escoita activa.
- Fomentar actitudes de altruísmo.
- Entender e resolver un conflito, coñecendo e empregando as fases da mediación e

usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.

- Analizar as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.
- Comprender o significado dun dilema moral e a súa resolución.
- Resolver dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.
- Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamentos, de conciencia e de relixión.
- Fomentar a sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios.
- Comprender a importancia da contribución dos cidadáns aos servizos públicos e aos bens comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos.
- Fomentar e xeneralizar a responsabilidade e a xustiza social.
- Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e ao ben da sociedade.
- Explicar as melloras na calidade da vida dos cidadáns e cidadás.
- Tomar conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explicar as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.
- Investigar os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.
- Realizar traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.
- Razoar as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.
- Coñecer as prácticas dos primeiros auxilios.
- Realizar un uso ético das novas tecnoloxías.
- Reflexionar sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.
- Desenvolver proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre o que se informa en diferentes medios de comunicación.



# CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTANDARES DE APRENDIZAXE

## MATEMÁTICAS

### TEMA 1: OS NÚMEROS NATURAIS

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMP. CLAVE	TEMP		
					T1	T2	T3
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</li> <li>•B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.</li> <li>•B2.2. Numeración romana</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> <li>• MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> <li>• MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</li> </ul>	•CMCT, CAA, CCL	X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivomultiplicativa.</li> <li>•B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras.</li> <li>•B2.3. Orde numérica. Utilización dos números</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivomultiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.</li> <li>•MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.</li> <li>•</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.</li> <li>•MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.</li> </ul>	•CMCT, CCEC •CMCT	X		

ordinais. Comparación de números.							
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.</li> <li>•B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.</li> <li>•B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.</li> </ul>	B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	•MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	•MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	•CMCT, CAA	X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.</li> <li>•B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división.</li> <li>• B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.</li> </ul>	•B5.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</li> <li>•MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.</li> <li>•MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</li> </ul>		•CMCT •CCL •CAA	X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.</li> <li>•B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.</li> </ul>	•B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	•MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada una das súas cifras.		•CMCT, CAA, CCL	X		
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.43. Utilización da calculadora.</li> <li>•B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos</li> </ul>	•B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a	•MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de	•MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias	•CMCT , CAA , CCL, CS	X		

<p>numéricos, xeométricos e funcionais.</p> <p>•B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.</p>	<p>realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p> <p>MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>	<p>heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.</p>				
<p>•B1.3. Confiianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</p>	<p>•B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.</p>	<p>•MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.</p>		<p>•CMCT •CAA</p>	X		
	<p>•B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.</p>	<p>MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.</p>		<p>•CMCT •CCL •CAA •CSIEE •CD</p>	X		
<p>•B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.</p>	<p>•B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.</p>	<p>•MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.</p>		<p>•CMCT •CAA •CSIEE</p>	X		

<ul style="list-style-type: none"> <li>A xustiza social.</li> <li>Fontes de enerxía renovables e non renovables.</li> </ul>		• VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a	• VSCB3.13.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais	• CSC • CCL			X

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización e interpretación de gráficos sinxelos.</li> <li>• Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida.</li> <li>• Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar, seleccionar, elaborar a información e presentar conclusións.</li> <li>• Os primeiros auxilios.</li> <li>• Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético.</li> <li>• Busca, selección, análise e elaboración de información en relación cos accidentes de tráfico.</li> </ul>		calidade de vida dos cidadáns e cidadás.	que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.				
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.13.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CD</li> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			X
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.14. Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.14.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.14.3. Realiza traballos</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>			X

		creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.14.4. Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CMCT</li> <li>• CCEC</li> </ul>			X
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.15. Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.15.1. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.15.2. Coñece as prácticas de primeiros auxilios.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			X
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.16.2. Analiza e enxuíza criticamente os contidos do contorno dixital.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>			X
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.17. Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.17.2. Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CD</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.17.3. Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>			X

		innecesario.		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.18. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.18.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CAA</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>			X
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> </ul>			X

## **METODOLOXIA:**

Partimos de que os alumnos/as teñen que ser un elemento activo no proceso de aprendizaxe. Tendo en conta o impacto das novas tecnoloxías e a globalización, ten que ser diferente o seu xeito de aprender, de comunicarse, de concentrar a súa atención ou de abordar unha tarefa. Así mesmo ao pertencer a unha sociedade máis aberta, global e participativa debemos dirixir a aprendizaxe cara a conseguir que os alumnos cheguen a ser cidadáns acordes co perfil que se demanda, primando a colaboración e o traballo en equipo.

Pretendemos un enfoque centrado non só nas habilidades cognitivas senón tamén favorecer o pensamento crítico, a creatividade, a capacidade de comunicación, etc.

Neste sentido imos indicar as estratexias, procedementos, accións, etc. que se van levar a acabo nas diferentes disciplinas, deixando constancia de que se pode variar, en función do grao de idoneidade que se consiga.

- Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Permitirá integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- Axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo nel a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.
- Favorecerase o descubrimento guiado, a resolución de problemas, o traballo por retos e a cooperación.
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes para a súa aplicación en diferentes contextos.
- Procurarase que o alumnado aprenda a aprender, participando na planificación do traballo.
- Metodoloxías activas e contextualizadas, introducindo estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías, empregando os recursos da aula Abalar.
- Uso dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Gradación de contidos acordes co currículo.
- Dotar aos contidos dun enfoque global, interdisciplinar e integrador promovendo a



globalización, para que contribúan ao desenvolvemento persoal e social do alumnado.

- Selección de contidos que reforcen o aprendido nos cursos precedentes e abran o coñecemento cara aos novos.
- Gradación das actividades.
- Énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe.
- Atención á diversidade do alumnado e sensibilidade pola educación en valores.
- Favorecerase o traballo cooperativo e a resolución pacífica de conflitos.
- Uso das estratexias metodolóxicas básicas de desenvolvemento en espiral e globalización.
- Metodoloxía global e activa, potenciando a construción de aprendizaxes significativas.
- Autorregulación das aprendizaxes por parte do alumnado para intentar transformar as súas capacidades mentais en habilidades académicas.
- Modelos de ensino aprendizaxe que atendan á diversidade, ritmos evolutivos e de capacidades intelectuais.
- Fomento do traballo do alumno fóra da aula para potenciar novas inquiredanzas e novas situacións de aprendizaxe, e que as familias se involucren no proceso de ensino (solicitando diversas tarefas para distintos proxectos, apoio ou reforzo,...).
  - Traballaremos pola inserción dos alumnos no entorno social no que viven e pola aceptación das diferenzas sen discriminación.
  - Priorizaranse técnicas cooperativas e a dinámica grupal no traballo diario, para fomentar a afectividade e a socialización.
  - Incluír o uso das tecnoloxías da información e comunicación no proceso de ensino- aprendizaxe.
  - Fomentar e respectar os tempos de lectura como mecanismo básico de aprendizaxe.
  - Prestar atención á relación entre todos os membros da Comunidade Educativa.

# **AVALIACIÓN**

## **DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL**

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como colectivo. Ao inicio do curso comprobarase o nivel de coñecementos previos do grupo mediante unha avaliación inicial cuxos resultados se terán en conta á hora de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións.

Adicaranse algunhas sesións durante as dúas primeiras semanas do curso para constatar en que medida o alumnado executa as competencias necesarias para o seguimento da programación.

Os instrumentos para realizar a dita avaliación poden ser os seguintes:

- Observación sistemática.
- Cuestionarios.
- Probas específicas.

Unha vez corrixidas as probas, obtererase a referencia para adecuar o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe e aplicar as medidas de atención á diversidade que estaban previstas segundo os resultados da avaliación final do curso anterior ou, no seu caso, adoptar aquelas outras que se consideren necesarias.

## **PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN:**

A avaliación será continua e global.

Terase en conta o progreso xeral do alumno/a, sen perder como referente os estándares de aprendizaxe.

Os procedementos serán, entre outros, os seguintes:

- Observación sistemática do progreso do alumnado.
- Conversas sobre os aspectos difíciles de observar en coordinación co profesorado que incide no alumnado.
- Corrección de exercicios e tarefas escritas, orais, individuais e/ou colectivas.
- Corrección por parte do sistema das actividades SCORM propias do EVA E-Dixgal e dos cursos creados na aula virtual do colexio.
- Fichas individuais nas que se recolle e valora a aprendizaxe do alumnado.
- Todas as tarefas que realizan os alumnos, en diferentes soportes, a súa actitude

ante o traballo, interese, preguntas, participación, atención, comportamento,...

- Probas escritas en soporte papel e dixital.
- Observación de tarefas realizadas, en varios soportes
- Autoavaliación e coavaliación dirixidas.
- Cadernos de traballo: valorando a presentación, limpeza, expresión escrita,

ortografía, uso de fontes de información, uso de gráficos, esquemas, etc., coñecementos que recolle, desenvolvemento das actividades, autocorrección de erros, etc. tendo en conta a organización do mesmo xa que se empregan coma unha especie de portafolios onde van pegando as diferentes tarefas, propostas de traballo, etc. para que teñan todo ordenado.

- Portfolio dixital, valorando a organización e clasificación das tarefas ou traballos (tanto individuais como colaborativos), a relación dos traballos coas tarefas encomendadas e os obxectivos propostos, os avances producidos na aprendizaxe, os coñecementos relacionados coas habilidades e destrezas TIC postos en práctica, a calidade e orixinalidade dos materiais e recursos utilizados, etc.

- Exposicións: como presenta o tema, se o domina, se responde ás preguntas con precisión, se amosa que traballou as temáticas.

Cada trimestre realizaranse probas globais para comprobar o desenvolvemento das CCBB, tomando como referencia os CA e os estándares de aprendizaxe. Previamente e periodicamente, iranse realizando probas.

- Analizaranse os cadernos de traballo: valorando a presentación, limpeza, expresión escrita, ortografía, uso de fontes de información, uso de gráficos, esquemas, etc., coñecementos que recolle, desenvolvemento das actividades, auto-corrección de erros, etc. tendo en conta a organización do mesmo xa que se empregan coma unha especie de portafolios onde van pegando as diferentes tarefas, propostas de traballo, etc. para que teñan todo ordenado.
- Valoraranse a realización de propostas de traballo para expoñer, o aporte de materiais solicitados ou por propia iniciativa...: como presenta o tema, se o domina, se responde ás preguntas con precisión, se amosa que traballou a temáticas,...
- En traballos cooperativos, proxectos, etc. se participa aportando ideas, se asume responsabilidades, se é quen de reflexionar sobre a información,...
- Nas probas escritas: avaliarase a gramática, o desenvolvemento da comprensión lectora, se inclúe o vocabulario axeitado,...
- Valorarase a presentación de tarefas propostas (mediante control diario) e resolución das mesmas.

- Tamén se realizará a análise das producións dos alumnos, resumos, traballos de aplicación e síntese (en diversos soportes) cadernos de aula, textos escritos e orais, procesadores de texto,.... tendo en conta tamén a caligrafía, ortografía,...

### **CRITERIOS CUALIFICACIÓN:**

A porcentaxe asignada a cada apartado é o seguinte:

Áreas	Contidos (probas de todo tipo, non só controis)	Traballo diario	Interese, Actitude e Comportamento
Matemáticas	70%	20%	10%
Linguas	70%	20%	10%
C. N e C.S.	70%	20%	10%
Plástica e visual	30%	40%	30%
V. Cívicos	40%	30%	30%

A cualificación global de cada área obterase sumando as diferentes porcentaxes, sendo o aprobado 50%, é dicir, un 5 sobre 10.

### **MELLORAS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR:**

Non se resalta ninunha proposta de mellora na memoria do curso pasado.

### **CONTRIBUCIÓN AOS PLANS DO CENTRO:**

#### **PROXECTO LECTOR E LINGÜÍSTICO**

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. A comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura.

O fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde as áreas de Lingua e Literatura Galega e Lingua Castelá e Literatura, senón a través das actividades específicas de todas as áreas así como levando a cabo as propostas dos outros equipos, actividades complementarias,...

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolveranse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos que se pretenden lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Usar as bibliotecas para a busca de información / investigación e aprendizaxe e como fonte de pracer.
- Utilizar Internet para buscar lecturas, sexa en formato PDF ou EPUB, sempre en páxinas autorizadas como as bibliotecas do Instituto Cervantes, as mediatecas do Consello da Cultura Galega, a Asociación de Tradutores en Lingua Galega., etc.
- Iniciarse na utilización de E-Readers, como pode ser o Callibre, que forma parte do software dos ultraportátiles Abalar.

É fundamental transmitir aos alumnos o entusiasmo pola lectura para lograr facer lectores capaces e motivados.

É moi importante a elección dos textos cos que se vai traballar. Estes han de ser motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Na aula cóntase tamén cunha pequena biblioteca. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

Os textos serán elixidos en función dos seguintes criterios:

- Grao de maduración do proceso lector
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso
- Textos variados en canto a contidos e aos xéneros literarios
- Elección do tipo de letra axeitada
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

Hai que destacar, tamén, a importancia da lectura en voz alta na comprensión lectora,

xa que, a través dela, estímúlase a recreación de sentimentos e de sensacións, ao mesmo tempo que serve como vehículo de ideas. A automatización dun bo ton, unha correcta pronunciación e unha axeitada velocidade lectora son imprescindibles para que os nenos poidan consolidar a comprensión lectora.

O Proxecto Lector do Centro será o eixe vertebrador das actividades de fomento da lectura, escritura e comprensión lectora. Nel están recollidas as actividades que se levarán a cabo, tanto na aula como na Biblioteca que será un pilar clave na consecución dos obxectivos establecidos.

Así mesmo participarase en todas as actividades propostas para o nivel dentro do Plan Anual de Lectura, baixo o título "O cine" e as do PLC que se englobaron dentro do plan de traballo do Equipo da Biblioteca.

Ademais asistirase ou planificaranse no centro diferentes actividades de animación á lectura, empregando un libro base, obradoiros de banda deseñada... ademais de participar en todas as que se leven a cabo no centro por mor de diferentes conmemoracións, celebracións, Semana da Lectura, Semana do Cine,...

De acordo co especificado as tarefas encamiñaranse a:

- Traballar a produción de textos orais e escritos.
- Traballar a comprensión dos enunciados de exercicios, tarefas, textos de proxectos, ....
- Reforzar e profundar a aprendizaxe da busca de información: diccionario, enciclopedia biblioteca, ordenador, etc.
- Fomentar a achega de noticias de prensa, revistas, etc. ás aulas por parte do alumnado e achegar a prensa como medio de información á lectura cotiá.
- Produción de textos continuos (descricións, contos, poemas, etc.) e descontínuos (esquemas, táboas, gráficos...)
- Fomentar a autonomía no traballo por parte do alumnado aportándolles estratexias que lles permitan desenvolver as súas capacidades.
- Potenciar o traballo cooperativo como medio para desenvolver as competencias básicas.
- Fomentar a comunicación e expresión oral de textos por medio da lectura en voz alta para os demais, tanto do propio grupo como doutros.

Así mesmo deben ter un modelo lector que consistirá en que os profesores leamos en voz alta, con corrección, pequenos textos, audicións,...

Introduciranse as TIC como recurso para mellorar a competencia lingüística, dixital e o tratamento da información (ABALAR) e asistirán ao longo do curso á biblioteca, en

diferentes tempos.

Para intentar formar lectores críticos solicitaráselle ou subministrarlles outros tipos de información: publicidade, catálogos de electrodomésticos, prensa, etc.

Participarase nas actividades programadas polo Equipo da Biblioteca incluídas no plan anual de lectura e nas programadas polo EDLG.

Participación en actividades complementarias de fomento da lectura programadas pola Administración e outros organismos seleccionadas previamente e de xeito responsable.

Potenciarase a participación propia (tempo reservado no horario, pasaporte da lectura, ... ) das familias para lectura de contos, conta contos,... solicitando a súa participación para tempos de recreo, Semana da Lectura, conmemoracións, outros tempos,...

Participarase tamén na actividade de “mochilas viaxeiras” e “caderno viaxeiro” proposta dende o Equipo da biblioteca, traballando tamén dende a aula co obxectivo de implicar tamén ás familias.

Diariamente elabóranse actividades propostas nos textos, polo profesorado (de elaboración propia, de diferentes actividades, internet, Abalar,..) que se corríxen, para todos nos taboleiros e despois revísanse individualmente ou outras específicas e diferenciadas para cada alumno.

Como mínimo, unha vez á semana, fanse ditados. Ao rematar, cada alumno, mirando polo texto correcto, revisa e corríxe se hai palabras non escritas correctamente. A continuación intercambian os cadernos de traballo e revísaos un compañeiro. Por último a profesora titora é a que o revisa. Foméntase a escritura libre, sobre temas propostos: narracións, descricións,... Como mínimo elaboran unha actividade deste tipo cada quince días.

Das diferentes actividades complementarias que se realizan, encoméndaselle a tarefa de realizar un pequeno traballo sobre a mesma que debe incluír como mínimo: contexto de lugar e tempo, idioma empregado, quen, onde,... se desenvolveu, tipo de actividade, síntese do contido e valoración persoal.

Algúns dos traballos realizados con fotos ou vídeos das actividades cólganse no blogue ou incluíranse na revista de final de curso se se elabora.

Tamén se realizan pequenas narracións, descricións, cómics, esquemas,... de diferentes situacións e temáticas.

Coincidindo coas diferentes conmemoracións, festividades, etc. traballarase a recolleita de ditos populares, refráns, adiviñas, receitas,... iniciando xa en datas próximas os referentes ao outono de acordo co **Proxecto Lingüístico do Centro**. Tamén se fomentará tendo en conta as actividades a realizar referentes aos oficios nas que se trata

de implicar tanto aos alumnos coma ás familias.

Participarase nas actividades que dende o **equipo de Dinamización da Lingua Galega**, e actuando coordinadamente cos outros equipos (Tics, Biblioteca..), axuden a que os alumnos gusten da lectura.

Coincidindo coas diferentes conmemoracións, festividadeas, etc. traballarase a recolleita de ditos populares, refráns, adiviñas, receitas, etc.

De acordo co Proxecto Lector tamén se traballará nas actividades relacionadas co tema “A auga”.

## **PLAN TICS**

Á hora de traballar cos alumnos nas TIC, hai que ter presentes, o grao de competencias tecnolóxicas e intelectuais apropiado e as súas características e necesidades.

Neste curso teremos que ter en conta o comezo do desenvolvemento do Plan Dixital do Centro. Os dous obxectivos marcados neste plan son os de:

- Aumentar o emprego da aula virtual do centro para a realización de tarefas e probas de avaliación para a súa cualificación a través da contorna Moodle.
- Desenvolver proxectos colaborativos e interdisciplinares empregando a rede Ageiro.

Dende o noso curso traballaremos activamente para colaborar na consecución destes obxectivos.

Neste nivel participase no “Proxecto Edixgal”.

Despois do inicio no curso 2010-11 da implantación do PROXECTO ABALAR continúaase a desenvolver nos dous niveis do ciclo.

A dotación das aulas é dun ultra portátil para cada alumno, un portátil para o posto do profesorado, un taboleiro dixital interactivo e un carro de carga.



A posta en marcha deste proxecto fíxonos reflexionar sobre o modelo de ensinanza que pretendemos e sobre como debemos afrontar este reto, o que conleva / conlevou a unha modificación nas programacións didácticas das distintas áreas, non tanto a nivel de contidos senón no aspecto organizativo e metodolóxico.

Este proxecto está orientado ao cambio de modelo de aula/centro educativo tradicional a un novo modelo de aula /centro educativo dixital.

<b>A LONGO PRAZO</b>	<b>A CURTO PRAZO</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar o cambio da aula de informática á informática na aula.</li> <li>• Fomentar o cambio dunha aprendizaxe máis pasiva á unha aprendizaxe máis activa, interactiva, colaboradora e de investigación.</li> <li>• Fomentar o uso da informática para ensinar e deixar atrás o ensinar informática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de contidos dixitais adaptados ao currículo.</li> <li>• Catalogación dos recursos dixitais, por áreas.</li> <li>• Elaboración, busca, selección,... de modelos de actividades específicas para cada área que contribúan ao desenvolvemento das competencias básicas.</li> </ul>

### **TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES**

A continuación descríbense algún tipos de actividades que se realizarán ao longo do curso, orientadas a:

Actividades de apoio, reforzo ou perfeccionamento para as diferentes áreas: Matemáticas, Linguas, Ciencias Naturais, Ciencias sociais, Idiomas, Plástica e Visual e Valores Sociais e Cívicos.

Reforzar algúns coñecementos conceptuais ou procedimentais que se están a traballar ao longo da semana ou quincena na aula.

Busca dunha maior autonomía no traballo, preparación para a vida laboral: Procesador de Textos, Base de Datos, aplicacións propias.

Potenciación da creatividade, imaxinación e fantasía literaria coa utilización de programas específicos.

Adquisición de coñecementos novos: uso de libros electrónicos con programas tipo Libre Office 3.3 Impress, estudio de determinados temas a través de CD multimedia ou investigando en enderezos da rede que se lles proporcionen.

Internet e a busca de información. Navegación. Depuración da información.

As actividades irán encamiñadas :

- Extraer información de libros e documentos en formato impreso e dixital.
- Visualizar e interpretar imaxes , vídeos, presentacións, animacións,...
- Crear textos, presentacións, de forma individual ou colectiva, baseados en temas concretos e cunhas pautas previas
- Recoller datos da observación directa, de enquisas , de gráficas...
- Rexistrar datos en táboas , gráficos ...
- Calcular resultados a partir de datos.
- Elaborar táboas de datos.
- Practicar exercicios matemáticos con materiais e aplicacións informáticas.
- Formular preguntas sobre un tema, elaborar cuestionarios .
- Rexistrar datos despois de actividades de manipulación ou visualización ( recollida de datos de temperaturas , choivas, ..)
- Realización de viaxes a sitios virtuais.
- Crear mapas impresos ou dixitais.
- Realización de traballos de investigación a través de preguntas dadas, usando material impreso e enlaces web dados.
- Elaborar presentacións dos traballos: murais impresos ou dixitais, textos, presentacións,...
- Visitar museos /exposicións virtuais.
- escoitar programas de radio, conferencias, concertos, historias correspondentes a distintas manifestacións socioculturais.
- Producir e crear imaxes ou murais físicos o virtuais.
- Tomar notas de exposicións, presentacións e/ou traballos de grupo.
- Responder a preguntas (escritas ou presentadas dixitalmente), cuestionarios, test...
- Clasificación de materiais completando ou realizando táboas, esquemas,...
- Preparación de traballos, exposicións dos mesmos.
- Estudo individualizado.
- Debater sobre temas de actualidade e expoñer distintos puntos de vista.
- Crear murais ou ilustracións físicas ou virtuais a partir de pautas prefixadas.
- Redactar informes en grupo sobre un tema, usando textos ou elementos multimedia.
- Realizar investigación sobre temas dados usando soportes dixitais (webquest, cazas do tesouro,...)
- Redactar informes sobre temas previamente fixados usando elementos

multimedia (presentación, historias, contos dixitais...)

- Iniciación ao uso do BLOG (creación dun blog de aula).
- Elaborar presentacións de traballos.

## **PLAN CONVIVENCIA**

Na explicitación de valores tense en conta que van condicionar toda a actividade a realizar na aula e no colexio por todos e cada un dos membros da comunidade educativa.

Partindo do respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución, a meta é lograr un ensino de calidade e en liberdade, capaz de dar resposta ás necesidades formativas dos alumnos, e o desexo de contribuír ao desenvolvemento dunha educación integral, polo que o que se pretende fomentar é:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

- A adquisición de actitudes tolerantes e solidarias, ten no colexio e na aula, un interese particular debido ás diferenzas culturais e nalgúns casos lingüísticas que son frecuentes entre o alumnado así como polos alumnos con NEE e NEAE que se escolarizan no centro e na aula polo indicado no punto 1.

- O esforzo individual e a motivación do alumnado.

- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Os valores están presentes en todas e cada unha das actividades que se realizan na aula e no centro e que se desenvolven e traballan dunha maneira máis específica e concreta a través dos contidos actitudinais (valores, actitudes e normas) en cada un dos bloques de contidos das áreas curriculares e nos contidos transversais integrados tamén en cada unha.

Consideramos prioritarios "macrovalores", a partir dos cales traballaremos todos os demais sendo comúns aos dous niveis. Son os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento da autonomía.

- ✓ Respecto a:

- Membros da Comunidade Educativa.

- Á diversidade.
- Outras linguas e culturas.
- Patrimonio Cultural.
- Medio Ambiente no que vivimos

- ✓ Espírito crítico.
- ✓ Valoración do esforzo persoal e colectivo
- ✓ Creación dunha imaxe real e positiva de si mesmos.
- ✓ Coñecemento e práctica dos aspectos que conlevan ao traballo en grupo e

normas que o rexen.

✓ Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia. É intención primordial o fomento do respecto, a tolerancia e o diálogo e a aceptación de desigualdades como valores fundamentais.

- ✓ Coeducación en todos os niveis.

✓ A partir destes traballaranse outros valores como: confianza, tolerancia, solidariedade, esforzo, amizade, cooperación, non- violencia e paz, iniciativa creadora, crítica construtiva,...

Ademais de traballar o exposto na aula, tamén se traballa nos tempos de receo xa que diariamente xorden pequenos incidentes e ademais actúan como mediadores e monitores nestes tempos; participárase nas diferentes tarefas, actividades,... que se organizan para todo o centro aproveitando as actividades programadas para días conmemorativos, tales como: Magosto, Día do Peón, Semana da Ciencia, Día da Paz, Día do Libro, Semana da Lectura, Semana do cine, Constitución e Estatuto de Autonomía, Día da árbore, campaña de lectura...

Así, o tratamento transversal, levarase a cabo tendo en conta:

- Os temas transversais non se circunscriben a un área/disciplina determinada, senón que afectan a diferentes ámbitos da vida e traballaranse desde as diversas perspectivas que ofrecen as distintas áreas.

- Para a súa concreción teremos en conta a capacidade dos alumnos para asumilos, a súa idade e a súa situación evolutiva de acordo cos obxectivos propostos.

- Partindo do matiz de significado de cada un, sinálanse os obxectivos e enuméranse actividades que se realizarán para tratar especificamente estes temas a pesar de que se traballan diariamente a nivel de aula e centro segundo o indicado e en función de actividades realizadas ou a realizar e de situacións concretas.

- ✓ **Educación medioambiental:** coa finalidade de que os alumnos comprendan as relacións co medio no que están/estamos inmersos e coñezan os problemas ambientais e

as solucións individuais e colectivas que poden axudar a mellorar o entorno.

- Comprender e producir mensaxes orais e escritos que versen sobre temas relacionados co mantemento do medio ambiente.
  - Achegar ideas e posibles solucións que comporten un compromiso persoal para a mellora e mantemento do medio ambiente.
  - Recoñecer a importancia de reciclar materiais como modo de contribuír ao mantemento do medio ambiente.
  - Mostrar respecto por todas as especies animais e vexetais, especialmente por aquelas que están en perigo de extinción.
  - Ofrecer coidados e respectar aos animais e vexetais, fomentando a concienciación de que forman parte do patrimonio.
- Actividades: incidir no medio ambiente como ben común, que engloba dende o patio do colexio, papeleiras, parque,... ata a realidades máis lonxanas, reciclaxe (clasificación de material funxible en distintos contedores: papel, pilas, material de plástico e vidro que previamente separamos na aula, tendo a responsabilidade de depositalos nos colectores correspondentes en quendas de 2 alumnos) e actividades na natureza: día da árbore (plantación), obradoiros de reciclaxe,...

✓ **Educación nos Dereitos Humanos e para a Paz:** no centro convivimos moitas persoas con intereses non sempre similares polo que é un lugar idóneo para aprender actitudes básicas de convivencia: solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo e de participación social. Partimos dun concepto de Paz non só como ausencia de guerra, senón tamén como as relacións harmónicas entre os grupos e persoas.

- Coñecer, comprender e aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo sabendo respectar e aceptar as achegas dos demais.
- Valorar e recoñecer os esforzos individuais e colectivos para evitar mensaxes discriminatorias.
- Recoñecer e valorar a propia agresividade, entendida como decisión, audacia, como unha forma positiva de autoafirmación da personalidade e canalizala cara a condutas que favorezan o ben común.
- Desenvolver relacións de diálogo, de paz e harmonía no ámbito escolar e en todas as relacións cotiás.
- Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e mellorar a comunicación cos demais.
- Apreciar e valorar a diversidade cultural como mostra de apertura cara á

outras culturas diferentes á propia.

- Respetar os distintos modelos de familia e valoralos todos de igual xeito.

- Recoñecer a importancia de compartir coas persoas máis necesitadas.

- **Actividades:** colectivas como confección dun mural colectivo, unidade didáctica, manifesto pola paz, canción simbólica na que se participará con todo o Centro, e actividades individuais como poesías, redaccións, decálogos, elaboración de pombas con mensaxes,..., traballar por parellas e saber respectar a quenda, ofrecemento e aceptación de correccións, traballo cooperativo co resto da clase, sensibilidade ante outro tipo de cultura e festividades, torneo de brilé “pola resolución pacífica de conflitos”, actuación como mediadores nos tempos de lecer, as propostas polos diferentes equipos de dinamización,...

✓ **Educación do consumidor**, para o consumo: o consumo está presente na nosa sociedade e na aula a cotío polo que consideramos necesario:

- Dotar aos alumnos de instrumentos de análise para o exceso de consumo de produtos innecesarios.

- Reflexionar sobre as mensaxes transmitidas a través de calquera sistema verbal e non verbal.

- Mostrar unha actitude crítica ante a compra excesiva de pezas de vestir.

- Reflexionar sobre o exceso de agasallos que adoitan solicitar na época do Nadal, aniversarios, ....

- Axudar a que descubran e dean prioridade ao “ser” sobre o “ter” como medio de felicidade persoal.

- Tomar conciencia das necesidades básicas para a vida distinguindo o necesario do superfluo.

- Aprender a disfrutar e coidar os bens que posúen ou consumen por sinxelos e cotiás que parezan, recoñecendo a súa utilidade.

- Interpretar criticamente as mensaxes publicitarias para discorrer sobre a súa veracidade e actuar libre e conscientemente ante eles.

- Actividades como: obradoiros de consumo responsable, estudo do etiquetado e roda de alimentos, fomento de “merendas” axeitadas, traer as “merendas” en bolsas de tea, concursos relacionados co tema, etc.

✓ **Educación viaria:** o coñecemento e a utilización da vía pública é, especialmente no contorno no que se sitúa o centro, ten unha grande importancia polo que debemos de

incidir moito desde a aula.

- Coñecer o contorno e as normas básicas de circulación desde a perspectiva do peón e como viaxeiro
- Reflexionar sobre a propia conduta como peón, viaxeiro e condutor (bicicleta, monopatín...).
- Respetar as normas de circulación en calquera circunstancia como medio para previr accidentes.
- Aprender a usar, disfrutar e coidar os equipamentos urbanos, medios de transporte, zonas verdes e instalacións do centro.
- Tomar consciencia dos problemas viarios e das situacións de risco ou de perigo que poidan presentarse.
- Descubrir e valorar as alternativas de ocio que nos ofrece o medio urbano e optar por aquelas que nos poidan proporcionar un maior deleite persoal.
- **Actividades:** xogos de simulación, circuítos ou recorridos xerais nos que os nenos pasen polo rol de peóns, condutor, de gardas de tráfico ou de copilotos; hábitos adecuados nas entradas e saídas no Centro e en actividades que se realicen fóra do mesmo, programas específicos coa Policía Local, tráfico, etc.

✓ **Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos ou coeducación:** a Constitución Española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas ou crenzas. Sen embargo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade.

- Alcanzar o compromiso de evitar en calquera situación comunicativa formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- Valorar a importancia de colaborar nas tarefas domésticas sen distinción de xénero.
- Valorar a igualdade de capacidades entre os sexos no ámbito escolar, social ou profesional.
- **Actividades:** favorécense, diariamente, actitudes de igualdade, xogos e actividades compartidos sen diferenciación de roles, sentarse na clase non clasificados por sexo, formar equipos mixtos, fomentar a cooperación e non só a competición na iniciación deportiva, orde e limpeza da clase, participación nas actividades sen diferenciación de sexos e conmemorarse o Día Internacional da Muller coa potenciación das reivindicacións dos seus dereitos ata a igualdade, xoguetes comúns, dramatizacións con personaxes de ficción permitindo cambios de identidade,...

✓ **Educación para a saúde e calidade de vida:** fomentaranse hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.

- Coñecer e comprender a necesidade dos bos hábitos e condutas relacionadas co coidado da saúde.

- Valorar a importancia de seguir unha dieta equilibrada.

- Mostrar interese por ter hábitos de hixiene correctos.

- Actividades: fomento de hábitos de hixiene corporal, alimentación, postural e de actividades físicas que redunden positivamente nunha calidade de vida dende a dobre perspectiva preventivo - formativa. Daráselle continuidade ao Programa: “Experiencia de educar para a saúde na escola”, diariamente lavado de mans Á volta do recreo, aseo co “toalliñas” á volta da clase de E.F.,...

✓ **Educación na sexualidade:** trátase, non só de coñecer os aspectos biolóxicos da sexualidade, senón informar, orientar e educar nos aspectos afectivos, emocionais e sociais, entendéndoa como unha actividade plena de comunicación entre as persoas.

- Recoñecer a importancia de demostrar os propios sentimentos e o afecto cara aos demais.

- Familiarizarse co seu propio corpo e aceptalo tal como é.

- Actividades: presentar información clara sobre o tema tendo en conta as súas demandas, ter na biblioteca libros referentes ao tema, etc.

### **Educación cívica e moral**

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais e chegar a acordos.

- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleos.

- Respectar as regras propias do intercambio comunicativo, así como a quenda de palabra dos seus compañeiros.

- Axudar e colaborar cos compañeiros e compañeiras, especialmente cos que máis o necesitan.

- Respectar as regras dos xogos presentados e aceptar a derrota ou a vitoria con deportividade.

- Valorar o traballo en equipo.

- Valorar ás persoas polo que son, non pola súa fama ou renome.

- Respectar ás persoas de calquera raza ou nacionalidade.

- Tolerancia cara a outras formas de vida como por exemplo, as formas de vestir doutros países.



- Valorar a capacidade e o esforzo das persoas.

• Actividades: a traballar diariamente na aula respectando as quendas, axudando aos compañeiros que precisan axuda, fomento da solidariedade, toma de decisión responsable e en liberdade, xogos populares nos recreos, etc.

### **Educación para as tecnoloxías da información e comunicación**

- Mostrar curiosidade e interese por coñecer novas tecnoloxías como Internet.
- Mostrar interese polo traballo e respecto polos ultraportátiles, TDI,... do proxecto

ABALAR.

- Facer un uso axeitado das mesmas.

• Actividades: potenciarase o emprego das novas tecnoloxías promovendo a reflexión sobre o seu uso de acordo co especificado no proxecto TIC/ABALAR.

- Educación para o ocio e o tempo libre
- Comprender a importancia de distribuír os tempos non lectivos.
- Comprender e producir mensaxes orais e escritos que versen sobre temas

relacionados con este tempo, actividades,...

• Achegar ideas e posibles solucións que comporten un compromiso persoal para aproveitar axeitadamente os tempos e actividades.

- Ter un comportamento axeitado nas diferentes actividades

• Actividades: saídas durante o curso ao Auditorio de Galicia, Multiusos de Rois, cine e teatro, excursións de fin de curso, festas tradicionais coma o “O Magosto”, “Nadal” e “Entroido”, etc.